


OS **LEMBRA** PESCA

DO ISSGA

USO DE DISPOSITIVOS DE SALVAMENTO E SUPERVIVENCIA EN EMBARCACIÓNS DE PESCA



INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA (ISSGA)

issga.xunta.gal

COORDINACIÓN:


Técnicos do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga):

Ana Fraga Prado, Álvaro José López Aenlle e Diego Castro Balboa

COLABORACIÓN:

Servizo de Prevención Mancomunado da Cooperativa de Armadores de Pesca do Porto de Vigo (ARVI_ SPM Coapre)

Santiago de Compostela, 2026



© ISSGA. Xunta de Galicia

Uso de dispositivos de salvamento e supervivencia en embarcacións de pesca

Esta obra está dispoñible para a súa consulta e descarga no seguinte enlace: issga.xunta.gal

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución-Compartirlgual 4.0 España de Creative Commons.

Para ver unha copia da licenza, visite:


https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES



USO DE DISPOSITIVOS DE SALVAMENTO E SUPERVIVENCIA EN EMBARCACIONES DE PESCA




ÍNDICE




Pag: 1

CHALECO SALVAVIDAS DE TRABALLO



Pag: 3

CHALECO SALVAVIDAS DE ABANDONO DE BUQUE



Pag: 5

TRAXE DE SUPERVIVENCIA E INMERSIÓN




Pag: 7

APARELLO LANZACABOS




Pag: 8

ARO SALVAVIDAS



Pag: 10

BALSA SALVAVIDAS INCHABLE



Pag: 14

BOTE DE RESCATE




Pag: 16

ESCALA DE GATO



Pag: 18

FOGUETE LANZABENGALAS CON PARACAÍDAS



Pag: 20

BENGALA DE MAN



Pag: 21

SINAL FUMÍXENO FLOTANTE




Pag: 22

SISTEMA DE ALARMA XERAL E DE MEGAFONÍA




Pag: 23

RADIOBALIZA DE LOCALIZACIÓN DE SINISTROS



Pag: 24

RESPONDEDOR DE RADAR




Pag: 26

VHF PORTÁTIL



Pag: 27

ALERTAS DE SOCORRO



Pag: 29

SISTEMA DE IDENTIFICACIÓN AUTOMÁTICA (AIS)



Pag: 30

LEMBRA




Pag: 31

LEXISLACIÓN



CHALECO SALVAVIDAS DE TRABALLO


Dispositivo deseñado para manter o corpo dunha persoa na superficie e a súa cabeza por riba da auga en caso de caída ao mar accidental. Utilízase principalmente en situacións de traballo a bordo dun buque. Poden levar incorporada unha radiobaliza persoal de localización de 121,5 MHz.




Afrouxar completamente as correas e desenganchar a fibela ou broche.




Introducir un dos brazos pola manga do chaleco.



Pasar o outro brazo pola outra manga e vestir o chaleco.





Enganchar os broches ou a fibela.





Tirar da correa para cinguilo ao corpo.





CHALECO SALVAVIDAS DE TRABALLO



Na auga, o dispositivo de inflado automático do chaleco activarase.



Se o dispositivo de inflado automático non se activa na auga, cómpre activalo manualmente utilizando o disparo manual, ou o tubo de inflado.



Cando a radiobaliza persoal instalada no chaleco se active, emitirá un sinal na ponte do buque, o que facilitará a súa localización e rescate no mar.

LEMBRA...

Revisar periodicamente (polo menos unha vez ao mes):

- O seu estado xeral, en especial a funda de protección, a cámara inchable, o tubo de inflado oral, os velcros e os medios de suxeición.
- Os seus elementos auxiliares, como reflectores, luz e batería, dispositivo de inflado automático e manual e botella de CO₂.
- O seu correcto inflado e a estanquidade da cámara.



CHALECO SALVAVIDAS DE ABANDONO DE BUQUE


Dispositivo deseñado para manter o corpo dunha persoa na superficie e a súa cabeza por riba da auga que se utiliza principalmente en situacións de abandono dun buque.



Afrouxar completamente as correas e soltar o broche.



Con ambas as mans, introducir a cabeza pola abertura superior.



Pasar a correa arredor das costas.




Enganchar as fibelas ou broches.





Tirar da correa para cinguilo ao corpo.






CHALECO SALVAVIDAS DE ABANDONO DE BUQUE



Para o abandono do buque empregar preferentemente a escala de gato.



Se o abandono do buque se realiza tirándose á auga: cruzar un brazo suxeitando o chaleco con firmeza coa man e coa outra tapar o nariz.



Impulsarse lixeiramente dando un paso á fronte e deixarse caer coas pernas xuntas e rectas, entrando na auga do xeito máis vertical posible. Afastarse do buque nadando de costas.

! LEMBRA...

- Estibalo sempre afrouxado e desenganchado, nun lugar visible, accesible e sinalizado.
- Practicar periodicamente de xeito que nunca superes o tempo dun minuto para a súa total colocación.
- Recoméndase buscar a zona máis segura e baixa da embarcación para realizar o salto á auga e se fose posible dunha altura non superior aos 3 metros.
- Revisar periodicamente (polo menos unha vez ao mes):
 - O seu estado xeral.
 - Os seus elementos auxiliares como reflectores, asubío, luz e batería.



TRAXE DE SUPERVIVENCIA E INMERSIÓN


Traxe protector que reduce a perda de calor corporal dun náufrago que o leve posto en augas frías.



Sacar os zapatos ou as botas e axustar os calcetíns ao pantalón.



Despregar o traxe e abrir a cremalleira se está pechada.



Sentar sobre a cuberta, non sobre o traxe, e introducir ambos os pés nas perneiras.



Erguerse e introducir ambos os brazos nas súas mangas correspondentes.



Colocar a carapucha na cabeza.




Pechar a cremalleira con coidado e axustarse os velcros.






TRAXE DE SUPERVIVENCIA E INMERSIÓN



Se o traxe non dispón de dispositivo de flotabilidade para manter a cabeza fóra da auga, cómpre poñer o chaleco de abandono de buque.



Para o abandono do buque utilizar preferentemente a escala de gato.



Se o abandono de buque se realiza tirándose á auga: cruzar un brazo agarrando firmemente o chaleco coa man e coa outra tapar o nariz, Impulsarse lixeiramente dando un paso á fronte e deixarse caer coas pernas xuntas e rectas, entrando na auga do xeito máis vertical posible. Afastarse do buque nadando de costas.

❗ LEMBRA...

- Estibalo nun lugar visible, accesible e sinalizado, dentro da súa bolsa e coa cremalleira baixada.
- Practicar periodicamente, de xeito que nunca superes o tempo de dous minutos para a súa total colocación.
- Lavallo por dentro e por fóra con auga fría tras o seu uso, empregando un xabón lixeiro e secándoo sempre a fondo antes da súa almacenaxe. Gardalo sempre limpo e seco.
- Revisar periodicamente (polo menos unha vez ao mes) o seu estado xeral e os elementos auxiliares e lubrificar a cremalleira.
- Comprobar previamente que o tamaño de cada traxe se axusta á tripulación do buque. Non se nomean salvo os de tamaño grande ou pequeno.



APARELLO LANZACABOS

Dispositivo para poder enviar un cabo dende un buque a outro buque, a un bote ou a unha balsa que se atopa en situación de perigo ou para pasar un cabo e así establecer un contacto inicial.



Suxeitar o lanzacabos pola asa co canón apuntando a zona segura.



Retirar a tapa plástica do canón.



Tirar o lazo de seguridade.



Apuntar ao obxectivo, inclinando o canón verticalmente non menos de 30° sobre o plano horizontal.



Xirar a empuñadura cara a esquerda ou cara a dereita.



Se o canón non se activa de inmediato, suxeitar na mesma posición de disparo durante polo menos 30 segundos. Transcorrido este tempo, se non se activou, retirar o foguete do aparello de disparo tirando do dispositivo de tracción (cable) de aceiro.

LEMBRA...

- Ler previamente as instrucións de uso do fabricante.
- Revisar periodicamente:
 - O seu estado xeral.
 - A súa data de caducidade.
- Almacenalos nun lugar sinalizado que cumpra cos seguintes requisitos:
 - Ser seco.
 - Estar perfectamente protexido.
 - Ser de fácil acceso.
- Non ter preto pinturas, disolventes, combustibles... nin ningún produto que conteña calquera tipo de substancia química ou gasosa.
- Non estar sometido a ningún tipo de presión, xa que a deformación do contedor da pirotecnia pode facela ineficaz ou, o que sería peor aínda, perigosa.



ARO SALVAVIDAS

Dispositivo destinado a ser utilizado para rescatar náufragos ou desaparecidos no mar, así como para mantelos a flote e evitar que afoquen.



Suxeitar o aro cunha man e a rabiza coa outra.



Situar en posición de lanzamento do aro, suxeitando cunha man o aro ou a súa grilanda e coa outra a rabiza.



Lanzar o aro e a rabiza ao mesmo tempo, preto do náufrago.



Facer tres voltas coa rabiza.



Iniciar o impulso xirando a cadeira 180°.







ARO SALVAVIDAS



Abordar o aro na seguinte orde: brazo – cabeza – brazo.



Recoller o náufrago: de costas ao rescatador e virar lentamente a rabiza.

LEMBRA...

- Revisar periodicamente:
 - O seu estado xeral e o dos reflectores, a grilanda, a rabiza flotante, os rótulos e a sinalización e os elementos auxiliares, no seu caso: luz de acendido automático, bote de fume e respondedor.
 - O engraxamento da debadoira.
- Para que se poidan alcanzar facilmente e lanzarse con rapidez, sen retardar o seu uso inmediato:
 - Non fixalos de xeito permanente.
 - Situalos en lugares accesibles.
 - Mantelos libres de obxectos próximos que dificulten a súa operatividade.
 - Non fixar o extremo final da rabiza á debadoira.



BALSA SALVAVIDAS INCHABLE

Embarcación flotante destinada a aloxar a tripulación dun buque se esta ten que abandonalo en situacións de emerxencia. Está equipada con bombonas de dióxido de carbono para facilitar o seu inflado.



Comprobar que a boza de amarre e activación está ben fixada ao mecanismo da zafa hidrostática, así como que ningún elemento impide a apertura da balsa.



Liberar o gancho de unión de suxeición da balsa.



Comprobar que non hai ningún obstáculo na auga.



De ser preciso, liberar a zona de arriado.



Coller os metros necesarios de boza segundo a altura da zona de arriado con respecto ao mar.



Dous tripulantes situados na proa e na popa do contedor, ízana coas mans.



Ambos os dous tripulantes proceden ao arriado da balsa ao mar ao mesmo tempo.



Coa balsa na auga, cobramos toda a súa boza ata notar resistencia.



BALSA SALVAVIDAS INCHABLE



Dar un tirón á boza para activar o dispositivo de inflado automático.



A balsa inflase de forma automática.



Inflado automático rematado.



No caso de inchar a balsa co fondo cara arriba, darlle a volta e achegarse nadando á indicación "adrizar aquí", preto da posición da botella de gas a presión.



Comezar o abandono do buque e posterior embarque, preferentemente pola escala de embarque.



De non ser posible o emprego da escala de embarque, saltar ao mar.



Agarrar os lazos do cinto de adrizamento.



Empezar a subir os chanzos da escala.



Poñerse de pé sobre a botella de gas a presión, agarrar o cinto e desprazar o peso do corpo cara atrás.



BALSA SALVAVIDAS INCHABLE



Cando a balsa comece a virar, inspirar, manter o cinto de adrizamento na man, deixar caer a balsa en posición de nadar de costas e saír axiña de debaixo da balsa.



Para subir á balsa desde a auga empregar unha escala de acceso a bordo, pola que se sobe en fila india.



Inmediatamente despois de subir, cómpre deixar libre a entrada e repartirse de xeito regular no seu interior, axudando a embarcar aos compañeiros de ser necesario.



Cando toda a tripulación se atope a bordo da balsa, cortar a boza co coitelo.



Afastarse do buque empregando os remos e desprazando a auga.



Lanzar a áncora flotante á auga para tratar de manternos na zona do sinistro.






BALSA SALVAVIDAS INCHABLE

! LEMBRA...

- Revisar periodicamente:

- O estado xeral do contedor e das súas cintas.
- O dispositivo de liberación hidrostática.
- A súa data de caducidade.

- No caso de non ter tempo de zafar manualmente a balsa, esta dispón dun sistema de destrínque mediante zafa hidrostática que a soltará automaticamente do buque a unha profundidade de entre 2 a 4 metros.



- Non rodar o contedor da balsa xa que poden desprazarse os elementos interiores e dificultar a súa apertura.

- Durante o abandono non esquezas recoller os VHF, radiobaliza e respondedor de radar.

- Unha vez que esteamos afastados convenientemente do buque, entre outras accións:

- Tomar pastillas para o mareo.
- Activar a radiobaliza e os respondedores de radar.
- Montar o reflector de radar.
- Se as condicións atmosféricas non son adecuadas, pechar as entradas para evitar que entre auga e protexernos do exterior.
- Racionar os líquidos.
- Fomentar a creación dun ambiente positivo no grupo durante a espera e ata o rescate.
- Controlar as válvulas de presión da balsa.
- Achicar a auga do interior.

- Debe ser posible embarcar nas balsas salvavidas de maneira rápida e ordenada, de xeito que a tripulación poida levar a cabo os preparativos para o embarco e a posta a flote en menos de 5 minutos.

- Se o abandono de buque se realiza pola escala de gato:

- Verificar que a escala está limpa e equipada axeitadamente con separadores, así como que se atopa ben lonxe das saídas de refugallo e saíntes do casco que dificulten a abordaxe á embarcación de supervivencia.
- Amarrar a escala firmemente por dous puntos á estrutura do buque ou verificar que está correctamente trincada, enfocar a iluminación cara abaixo e cara adiante e despregala.



ESCALA DE GATO

Escaleira confeccionada con cabos de fibra vexetal e banzos de madeira e goma que se instala provisionalmente nunha embarcación para facilitar o transbordo entre embarcacións ou o abandono de buque de tripulantes.



Comunicación permanente entre os mandos das dúas embarcacións ata a finalización da manobra.



Ambos os mandos acordarán o costado de instalación, a sotavento e na zona central do buque, así como a distancia entre a auga e o último banzo.



Revisión previa do estado da escala: fibras, banzos, separadores e amarres.



Colocación baixo a supervisión dun oficial, en comunicación vía VHF coa ponte do seu buque. Localización en zona libre de saídas de desfeitos, auga ou saíntes.



Instalaranse asas na parte alta da escala fixados á cuberta do buque. Tanto a escala como a zona de embarque estarán iluminadas sen escintileos.



Amarrados os gardacabos á cuberta do buque, a escala despregarase entre dous tripulantes auxiliados por un cabo guía. Os banzos quedarán apoiados firmemente no costado do buque.



ESCALA DE GATO




Antes da aproximación entre embarcacións, ambos os mandos acordarán o rumbo, velocidade e punto de embarque.



Abarloamento das embarcacións á mesma velocidade reducida.



Un oficial e dous tripulantes do buque vixiarán o embarque/desembarque. Un aro salvavidas estará dispoñible para posibles emerxencias.



Para embarcar, o tripulante agarrarase coas súas mans firmemente aos cabos laterais da escala e pisando solidamente nos banzos subirá por ela. A continuación, a súa embarcación separarase rapidamente da outra.



Para desembarcar, o tripulante agarrarase primeiro aos candeeiros, posteriormente aos cabos laterais e descenderá pisando firmemente nos banzos. Nese momento a embarcación achegarase para facilitar o embarque. Finalmente a súa embarcación separarase da outra.



En caso de mal tempo desistírase de realizar esta manobra. Os tripulantes portarán chaleco salvavidas e calzado de seguridade ou traxe de supervivencia. Tanto o embarque como o desembarque realizarase dun nun.

❗ RECUERDA...

- O diámetro mínimo dos cabos laterais será de 18 mm
- Todos os banzos da escala apoiaranse firmemente ao costado do buque
- Os separadores terán unha lonxitude mínima de 180 cm
- Entre separadores a distancia máxima será de 9 banzos
- A anchura mínima dos banzos será de 40 cm
- A distancia entre banzos estará comprendida entre 31 e 35 cm
- O quinto banzo desde o pé da escala terá que ser un separador
- A distancia entre os candeeiros superiores será entre 70 e 80 cm



BOTE DE RESCATE

Embarcación utilizada para labores de rescate ou operacións auxiliares.



Realizar comprobación previas:

- Presión e estado dos compartimentos do bote.
- Válvula de desaugadoiro e tapón de drenaxe correctamente colocados.
- Nivel de combustible e cebar a chegada de combustible ao motor.




Colocar o gancho de disparo se non está instalado, así como os cabos estabilizadores en proa e popa.



Comprobar que a área de arribado está libre de obstrucións.



A tripulación, equipada cos respectivos equipos de protección individuais (traxe térmico, chaleco, casco, luvas...) así como cos dispositivos de seguridade (VHF e transpondedor de radar), dá comezo ao embarque.




Comezar o arriado da embarcación, en coordinación co persoal que auxilia cos cabos estabilizadores e a tripulación do bote.



BOTE DE RESCATE



Arrancar o motor no momento de tomar contacto coa auga, comprobar que a refrixeración funciona correctamente e mantelo desembragado.



Liberar o gancho de izado e os cabos estabilizadores.



É imprescindible que o termoeiro fixe no seu pulso o dispositivo de "home á auga" de parada de emerxencia que leva o motor de popa. Separarse do barco.



Non navegar a altas velocidades se non é estritamente necesario. Verificar periodicamente o nivel de combustible.



A tripulación do buque non pode perder de vista en ningún momento o bote de rescate.


LEMBRA...

- Revisar periodicamente:
 - O estado xeral e os dispositivos auxiliares verificando que está listo para a súa utilización.
- O bote deberá dispor dun sistema alternativo de arriado en caso de ausencia de enerxía.
- Os botes de rescate irán estibados:
 - De modo que estean sempre listos para poñelos a flote en 5 minutos como máximo
 - Sobre o soporte deseñado a tal efecto, de xeito que a dirección da proa do bote coincida coa proa do buque, para maior seguridade na manobra de arriado en caso de que se leve a cabo co buque en marcha.



FOGUETE LANZA BENGALAS CON PARACAÍDAS

Dispositivo pirotécnico para sinalizar unha posición en caso de emerxencia e permitir a localización da embarcación en perigo polos medios de salvamento e rescate, así como por outros buques. O foguete alcanza unha altura mínima de 300 metros e posteriormente desprega o paracaídas e a súa bengala arde cunha cor brillante.




Equiparse con luvas e gafas de seguridade, asegurarse de non ter as mans húmidas e suxeitar firmemente o tubo coa frecha indicadora cara arriba.



Quitar as tapas, que procedan, primeiro a superior e logo a inferior.



Colocarse sostendo o foguete cunha man apuntando 20° da vertical por sotavento.



Accionar o dispositivo coa man libre, tirando do anel inferior ou accionando o percusor contra o tubo.



FOGUETE LANZA BENGALAS CON PARACAÍDAS



Se non se activa de inmediato, suxeitarase na mesma posición durante polo menos un minuto, transcorrido o cal tiraremos o foguete á auga.



Ao disparar un foguete, este emitirá unha luz de cor vermella intensa que durará acesa 40 segundos. Esta luz irá minguando lentamente ata apagarse.

Cando o foguete alcance a súa máxima altura, poderá ser visto a unha distancia de entre 20 e 25 millas, dependendo das condicións atmosféricas.

LEMBRA...

- Ler previamente as instrucións de uso do fabricante.
- Para o seu uso débese ter en conta que se hai nubes baixas, este dispositivo é practicamente inútil, xa que poden acender se entre elas e apagarse sen chegar a ser avistado por ninguén.
- Revisar periodicamente:
 - O seu estado xeral.
 - A súa data de caducidade.
- Almacenar nun lugar estanco e sinalizado que cumpran cos seguintes requisitos:
 - Ser secos.
 - Estar perfectamente protexidos.
 - Ser de fácil acceso.
- Non ter preto pinturas, disolventes, combustibles... nin ningún produto que conteña calquera tipo de substancia química ou gasosa.



BENGALA DE MAN

Dispositivo pirotécnico para sinalizar unha posición en caso de emerxencia e permitir a localización da embarcación en perigo polos medios de salvamento e rescate, así como por outros buques. A bengala arde cunha cor brillante durante polo menos 1 minuto.



Equiparse con luvas e gafas de seguridade e suxeitar a bengala cunha soa man pola parte inferior desta ou pola súa empuñadura coa frecha indicadora cara arriba.



Quitar a tapa superior e sostela por sotavento.



Accionar o dispositivo de acendido coa man libre tirando firmemente do anel superior.



A bengala acenderase tras 2 segundos de retardo. Apartar a vista durante a combustión.



Mantela no alto, estendendo a man polo exterior da embarcación.



Tirar o tubo incandescente ao mar cando rematemos.

LEMBRA...

- Ler previamente as instrucións de uso do fabricante.
- A bengala será útil unicamente cando a utilizemos a unha distancia prudencial dun buque de salvamento ou da costa.
- A bengala debe utilizarse pola noite ou en situacións de visibilidade reducida.
- Revisar periodicamente:
 - O seu estado xeral.
 - A súa data de caducidade.
- Almacenar nun lugar estanco e sinalizado que cumpran cos seguintes requisitos:
 - Ser secos.
 - Estar perfectamente protexidos.
 - Ser de fácil acceso.
- Non ter preto pinturas, disolventes, combustibles... nin ningún produto que conteña calquera tipo de substancia química ou gasosa.
- Non estar sometidos a ningún tipo de presión, posto que a deformación do contedor da pirotecnia pode facela ineficaz ou, o que sería peor aínda, perigosa.



SINAL FUMÍXENO FLOTANTE

Dispositivo pirotécnico flotante para marcar unha posición en caso de emerxencia. Emitirá unha fumareda moi densa de cor laranxa durante polo menos 3 minutos.



Equiparse con luvas e lentes de seguridade, suxeitar o bote cunha soa man e coa outra quitar a tapa superior.



Accionar o dispositivo de acendido coa man libre, tirando firmemente do anel superior.



Lanzar ao mar.



O bote flotará sen problemas e a combustión non se deterá aínda que o bote se somerxa no mar.

LEMBRA...

- O bote de fume debe utilizarse de día, xa que é máis eficaz que as bengalas ou foguetes por ser máis visible a gran distancia, especialmente dende o aire.
- Estes sinais son moi adecuados cando sopra pouco vento, posto que se este é forte, o fume dispersarase rapidamente.
- Revisar periodicamente o seu estado xeral e a súa data de caducidade.
- Almacenalos en lugares sinalizados e estancos que cumpran cos seguintes requisitos:
 - Ser secos.
 - Estar perfectamente protexidos.
 - Ser de fácil acceso.
- Non ter preto pinturas, disolventes, combustibles... nin ningún produto que conteña calquera tipo de substancia química ou gasosa.



SISTEMA DE ALARMA XERAL E DE MEGAFONÍA

Equipo destinado a comunicar e difundir unha situación ou unha mensaxe de perigo a toda a tripulación.




O patrón ou capitán, unha vez alertado dunha situación de emerxencia ou de perigo, dirixirase ao pupitre ou lugar asignado para comunicarlle esta situación á tripulación do buque.




A tripulación acudirá ao punto de encontro.



Dependendo da situación de emerxencia ou perigo comunicada, cada tripulante actuará segundo o asignado previamente ou segundo o indicado no cadro orgánico do buque.



O patrón ou capitán solicitará axudas externas e informará da situación ao servizo de salvamento.



O patrón ou capitán ao mando informará a tripulación da avaliación do suceso e ou das accións complementarias que se van realizar.



Segundo proceda, comunicarlle á tripulación e aos servizos externos a fin da emerxencia ou as accións posteriores a realizar.

LEMBRA...

- Realizar revisións periódicas segundo os modelos e fabricantes.
- Realizar simulacros periódicos sobre posibles situacións de emerxencia que poidan acaecer a bordo do teu buque.



RADIOBALIZA DE LOCALIZACIÓN DE SINISTROS

Aparello transmisor de radio utilizado en situacións de emerxencia para facilitar a localización dun barco ou dunha persoa en perigo.



En caso de emerxencias, tales como abandono de buque, naufraxio... existen dúas alternativas no que á súa utilización se refire: ou ben se activa manualmente ou ben se activa de forma automática en contacto coa auga de mar.

ACTIVACIÓN MANUAL



Retirar a radiobaliza do contedor onde está estibada.



Retirar o precinto de seguridade.



Xirar o botón ata a posición ON.

ACTIVACIÓN AUTOMÁTICA

De non ter tempo de activala manualmente, esta posúe unha zafa hidrostática que ao estar mergullada uns 4 metros na auga se activará soltando a radiobaliza e flotará libremente. Con todo, lembrar que os medios de salvamento irán á procura dela, polo que debes manterte nas súas proximidades.



Observar os escintileos correspondentes e proceder ao abandono do buque.

❗ LEMBRA...

- Revisala mensualmente realizando unha proba de autotest.



RESPONDEDOR DE RADAR

O respondedor de busca e salvamento SART (Search And Rescue Transponder) é un dispositivo para emerxencias no mar que se utiliza para localizar unha embarcación de supervivencia ou un buque en dificultades.



En caso de emerxencias como abandono de buque, home á auga... ou transbordos realizados con embarcacións de aproximación (botes), cóntase cunha única alternativa no que ao seu uso se refire, sendo esta de activación manual. Retirarase do seu soporte para activalo.



Retirar o pasador de seguridade para xirar o disco dende a posición OFF á ON. Acenderase así unha luz de cor verde que escintilará lentamente.




Instalalo no lugar máis alto posible, de forma que o dispositivo quede en stand-by por un lapso de 96 horas, agardando ser plotado por algún radar.



RESPONDEDOR DE RADAR

Unha vez plotado por algún radar, a luz verde cambiará a vermella con escintileo lento. Esta condición durará 8 horas.



Na pantalla do radar pertencente ao rescatador obsérvase unha serie de 12 puntos que indican a demarcación na que se atopa o equipo. A escala recomendada é de 6 a 12 millas. Cando se achega o respondedor, os 12 puntos cambian a arcos, é dicir, a pantalla presenta arcos no canto de círculos.


LEMBRA...

- Acoplarlle a antena de ser preciso.
- Deben contar con instrucións para que a empreguen persoas inexpertas.
- A distancia mínima en vertical para que un respondedor sexa efectivo é de 1 metro. O sinal dun transpondedor de radar situado a 1 metro sobre a superficie do mar pódese detectar a 10 millas de distancia a rente da superficie, incrementándose esta lonxitude incrementándose a medida que se colle altura.
- Non se aconsella o uso do respondedor de radar xunto cun reflector de radar, xa que pode chegar a producir interferencias ou falsos ecos.
- Os respondedores de radar deben estar situados en soportes a ambas as bandas do buque, dentro da ponte sinalizados, e ser ben visibles. A recollida destes equipos para o seu traslado aos botes ou embarcacións de supervivencia deberá ser sinxela.
- Cada respondedor de radar levará marcado no seu exterior, con material indeleble e resistente:
 - As instrucións de funcionamento en español.
 - A data de caducidade das súas baterías.
 - A identificación do buque ao que pertence.
- Realizar revisións periódicas segundo os modelos e fabricantes.



VHF PORTÁTIL

Trátase dun equipo radiotelefónico bidireccional portátil de ondas métricas de banda mariña (VHF) que pode ser usado na escena do sinistro ou accidente, entre embarcacións de salvamento e barcos ou entre unidades de salvamento.



Retirar do seu soporte para activalo.



Para acender ao equipo, premer a tecla ON durante 3 segundos ou xirar a roda ata a posición ON. Así, o equipo acenderase na canle 16.



Axustar o limitador de ruído (squelch) e volume segundo os requisitos da súa comunicación co roll respectivo do equipo.



Para transmitir, premer a tecla PTT (push to talk).



Para recibir ou escoitar, soltar a tecla PTT.



Para apagar o equipo, pulsar a tecla OFF ou xirar a roda ata a posición OFF.

LEMBRA...

- Cada equipo constará de dúas baterías. A primaria, que non é recargable, caduca aos dous anos e debe estar selada e lista para o seu uso. A secundaria, que é recargable, estará sempre no equipo para o seu uso diario. Ambas as baterías deben proporcionar ao equipo un tempo de operación de 8 horas.
- Debe contar con instrucións para poder ser operada por persoas inexpertas e por persoal que use luvas. Debe levarse sempre á balsa ou ao dispositivo de salvamento.



ALERTAS DE SOCORRO

Equipo de comunicación destinado a emitir unha chamada de socorro.



Ante unha situación de perigo inminente, o patrón ou o capitán ao mando dirixirase ao lugar onde estea situado o equipo de radio.



Premerá, durante 5 segundos, no botón (distress) vermello do equipo de radio de chamada selectiva dixital para alertar da situación de emerxencia.





As estacións costeiras, os centros de salvamento marítimo e as embarcacións que estean dentro do alcance do seu transmisor, reciben a chamada.




Se hai tempo para iso, esperar a xustificación de recibo na canle 16 e seguir as instrucións a través das frecuencias que se indiquen.



ALERTAS DE SOCORRO



Fonte: Ministerio de Fomento



Comuníquelle á tripulación e aos servizos externos a fin da emerxencia ou as accións posteriores que desenvolver.

! LEMBRA...

- Realizar revisións periódicas segundo os modelos e os fabricantes.



SISTEMA DE IDENTIFICACIÓN AUTOMÁTICA (AIS)

Sistema de emisión continua e autónoma que opera na banda VHF do servizo móbil marítimo, capaz de intercambiar información sobre identificación, posición, rumbo, velocidade e outros datos, entre buques e con estacións costeiras, con capacidade de xestión de múltiples informes e grande frecuencia.



Os buques pesqueiros equipados con este sistema manterano en funcionamento en todo momento.



O equipo mostra datos básicos dos buques: nome, identificación de chamada (MMSI), posición, rumbo, velocidade, destino, condición de navegación, tipo de buque..., achegando así tanto ás autoridades como a outros buques nas inmediacións información relevante en canto á navegación, co fin de cumprir coa normativa para prever abordaxes no mar.



O AIS permite ver na pantalla a posición dos barcos de noso contorno e obter ampla información sobre eles, entre outros, o seu nome, velocidade, rumbo, número de identificación do servizo móbil marítimo, e estado actual da navegación.

A información transmítese de forma continua e os datos actualízanse automaticamente sen que sexa precisa ningunha acción por parte do usuario. En circunstancias excepcionais, o citado sistema poderá ser desconectado se o capitán o considera necesario para a seguridade do buque.

! LEMBRA...

- Revisións periódicas segundo os modelos e fabricantes.
- É importante saber que a pantalla do AIS non é unha representación fiel da realidade, por exemplo: un buque militar non está obrigado ao uso do sistema e un equipo dunha embarcación pode estar fóra de servizo, por tanto pode existir un risco de abordaxe que non se advirte na pantalla deste equipo.

UNHA ADECUADA XESTIÓN DA EMERXENCIA A BORDO CONTRIBUIRÁ A UN DESENLADE FAVORABLE DA SITUACIÓN, POR TANTO LEMBRA...

! REALIZA SIMULACROS PERIÓDICOS SOBRE POSIBLES SITUACIÓNS DE EMERXENCIA QUE POIDAN ACAECER A BORDO DO TEU BUQUE, ENTRE ELAS, HOME Á AUGA, INCENDIO, ABANDONO, INUNDACIÓN, VÍA DE AUGA, COLISIÓN, VARADA,...

! ANTES DE CAMBIAR OS SINAIS PIROTÉCNICOS POR CADUCIDADE, REALIZA PRÁCTICAS CON ESTES DISPOSITIVOS; PREVIAMENTE SOLICITA AUTORIZACIÓN E INFORMACIÓN AOS ORGANISMOS COMPETENTES (ENTRE OUTROS, CAPITANÍA MARÍTIMA, AUTORIDADE PORTUARIA E CENTRO LOCAL DE SALVAMENTO).

! NON SE RECOMENDA ESTIBAR OS CHALECOS DE EMERXENCIA E TRAXES DE SUPERVIVENCIA NO MESMO LUGAR, XA QUE ANTE UNHA SITUACIÓN DE EMERXENCIA NA ZONA ONDE ESTEAN GARDADOS CONXUNTAMENTE, DIFICULTARÍASE O ACCESO A ESTES DISPOSITIVOS.

! REVISAR PERIODICAMENTE O ESTADO DOS DISPOSITIVOS DE SALVAMENTO E SUPERVIVENCIA AO TEU CARGO.

! ANTE UNHA EMERXENCIA PARA GARANTIR A COMUNICACIÓN COS SERVIZOS DE SALVAMENTO COMUNÍCATSE COS EQUIPOS RADIOELÉCTRICOS DISPOÑIBLES A BORDO.

LEXISLACIÓN BÁSICA

Lei 31/1995, do 8 de novembro de prevención de riscos laborais. BOE nº 269 do 10/11/1995.

Real decreto 1216/1995 do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade no traballo a bordo dos buques de pesca. BOE nº 188 do 07/08/1997.

Real decreto 485/1997, do 14 de abril, sobre disposición mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo. BOE nº 97 do 23/04/1997.

Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención. BOE nº 27 do 31/01/1997.

Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo, pola que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo. BOE nº 188 do 07/08/1997.

Real decreto 1837/2000, do 10 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de inspeccións e certificación de buques civís. BOE nº 285 do 28/11/2000.

Real decreto 773/1997, do 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores de equipos de protección individual. BOE nº 140 do 12/06/1997.

Real decreto 1032/1999, do 18 de xuño, polo que se determinan as normas de seguridade que deberán cumprir os buques pesqueiros de eslora igual ou superior a 24 metros. BOE nº 156 do 01/07/1999.

Real decreto 543/2007, do 27 de abril polo que se determinan as normas de seguridade e de prevención da contaminación que deberán cumprir os buques pesqueiros menores de 24 metros de eslora. BOE nº 131 do 01/06/2007.

Real decreto 1185/2006, do 16 de outubro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as radiocomunicacións marítimas a bordo dos buques civís españois. BOE nº 261 do 01/11/2006.

Real decreto 701/2016, do 23 de decembro, polo que se regulan os requisitos que deben reunir os equipos mariños destinados a ser embarcados nos buques. BOE nº 310 do 24/12/2016

Protocolo de Torremolinos de 1993 relativo ó Convenio Internacional de Torremolinos para a seguridade dos buques pesqueiros, 1977, feito en Torremolinos o 2 de abril de 1993.

Real decreto 989/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía. BOE nº 267 do 07/11/2015.

Resolución MSC.48 (66), do 4 de xuño de 1996, pola que se aproba o Código internacional de dispositivos de salvamento.

Convenio SOLAS 1974/1978, Convenio internacional para a seguridade da vida humana no mar.



USO DE DISPOSITIVOS DE SALVAMENTO E
SUPERVIVENCIA EN EMBARCACIÓNS
DE PESCA



[ISSGA.XUNTA.GAL](https://issga.xunta.gal)



INSTITUTO DE
SEGURIDADE E SAÚDE
LABORAL DE GALICIA



Xacobeo
2027